

A CONCENTRACIÓN PARCELARIA

OS NOSOS LIBROS

Título: ***Os misterios dos fillos de Lúa***

Autor: Fina Casalderrey
Editorial: Galaxia



O misterio dos fillos de Lúa é unha historia moi bonita. Está escrita en galego e recibiu o premio Barco de Vapor.

Trata de dous nenos, un que é o protagonista e mais a súa moza que se chama Branca, ambos de 12 anos. Eles dous teñen unha gata que se chama Lúa, e a historia comeza cando esta queda preñada. Branca e mais o mozo estaban moi contentos porque ían ter máis gatiños, e xa tiñan todo planeado.

Cando Lúa deu a luz, aos gatiños puxéronos encima dunha cadeira nun coxín e os gatos desapareceron...Os rapaces xa estaban fartos de poñerlle trampas ao suposto ladrón e nada.

¿Queredes saber como acaba a historia? ¿Cales foron as trampas? Pois eu só vos digo ata aquí. O libro haino en calquera librería e está moi ben, ademais é moi gracioso. ¡Animádevos e comprádeo!

LEE ANN SARA GRACE, S2C



A Concentración parcelaria é o conxunto de operacións territoriais e técnicas que teñen por obxectivo, nun lugar determinado, realizar unha redistribución das terras e adaptar as parcelas ao uso que se destinan. Como xa sabemos, nestes momentos estase a dar na zona de Santiso e en moitos lugares de Galicia, e aínda que chega con moitos anos de retraso respecto a países como Inglaterra, xa se sabe que máis vale tarde que nunca. Creo que será positivo a longo prazo para a economía galega e sen dubida un paso que se tiña que dar hai xa tempo. No medio rural, a concentración parcelaria permite crear novas estruturas de explotación, máis grandes e máis rendibles, fará máis sinxelo o cultivo permitindo mellores comunicacións entre as parcelas. Ao agricultor xuntaránlle os seus pequenos terreos e daránllos todos unidos nun só o máis cerca posible da súa casa. Con isto por fin desaparecerá o

minifundismo que viña sendo un duro lastre económico para Galicia.

Iso facilitará o traballo de quen explota os terreos e as operacións de cultivo. Os métodos de concentración cambian segundo o espazo xeográfico en que se producen, pero o habitual é que sexan realizadas por unha comisión municipal que define o perímetro e censa e avalía as terras afectadas. Cada propietario recibe unha superficie agrícola equivalente en valor produtivo á que aportou no conxunto do reparto. A concentración modifica o catastro. Vai acompañada de traballos relacionados, tales como acondicionamento de estradas e camiños, e, en ocasións, de redes de subministro de auga para o regadío das parcelas. Estas operacións, que en ocasións modifican o contorno, foron criticadas con frecuencia, mais ao final todos tiveron que recoñecer que era algo preciso e necesario.

SERGIO PATIÑO RÍO, B1C